

**DE PUTACIÓN PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 31 de OUTUBRO DE 2003**

**ORDE DO DÍA** dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria, que se celebrará o vindeiro venres, día 31 de outubro de 2003, ás DOCE HORAS.

### **ASUNTOS**

#### **Central-Actas**

- 1.- Aprobación da acta anterior, nº 11/03, correspondente á sesión celebrada o día 26 de setembro de 2003.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola presidencia, da nº 14.572 á nº 16.799.

#### **Cooperación e asistencia a Municipios**

- 3.- Aprobación do proxecto reformado da obra plurianual “Saneamento e dotación de servizos R/ Pascual Veiga Pl.”, do concello de Ordes incluída no Programa Operativo Local adicional 1/2002 e Pol 2003. Código 02.2301.0086.0

#### **Plans Especiais, Contratación e Equipamento**

- 4.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación de vías públicas parroquia S. de Requián”, do Concello de Betanzos, incluída no Plan XXI de infraestruturas locais de transporte e travesías municipais 2002. Código 02.3800.0036.0
- 5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas para o financiamento da execución das obras incluídas no proxecto de reconstrución do pavillón polideportivo de Ponte do Porto (Camariñas).
- 6.- Aprobación da 3ª fase da primeira programación plurianual das obras que ha contratar a deputación incluídas no IV Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais.

#### **Vías e Obras**

- 7.- Aprobación do Plan de travesías 2003.

8.- Aprobación do proxecto reformado da obra de ampliación e mellora de trazado E.P. 1201 Rodiño a Codeso por Boqueixón, incluída no Plan de Vías Provinciais 2002. Código 02.1110.0014.1.

**Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social**

9.- Proxecto de finalización de modificado de instalación de protección civil. Concello de Mazaricos. A Coruña.

10.- Proposta de substitución da obra “Acondicionamento e posta en valor da vereas que percorre o rego dos muíños en Canduas” pola denominada “Acondicionamento e posta en valor da vereas que percorre o rego dos muíños da Barcia na parroquia de Rioboo”, Concello de Cabana de Bergantiños (Plan XXI de turismo da natureza).

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN  
ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 31 DE OUTUBRO DE 2003.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 31 de outubro de 2003, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍÑEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE

DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Escúsase o Sr. González Garcés.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 11/03, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2003.**

Apróbase a acta da sesión anterior nº 11/03, correspondente á sesión celebrada o día 26 de setembro de 2003.

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 14.572 Á Nº16.799.**

A Corporación toma coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 14.572 deica a nº 16.799.

**3.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PLURIANUAL “SANEAMENTO E DOTACIÓN DE SERVICIOS R/ PASCUAL VEIGA PL.”, DO CONCELLO DE ORDES INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ADICIONAL 1/2002 E POL 2003. CÓDIGO 02.2301.0086.0**

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Co ánimo tamén de axilizar ao máximo este último pleno ordinario vou sintetizar a posición global para todos os asuntos que figuran, é dicir, do número tres ao número dez, porque a explicación individual de cada un reiteraría o que xa dixemos. Neste senso, anuncio que imos votar favorablemente ao punto número catro e ao número cinco, e no resto, no tres, no seis, no sete, no oito, no nove e no dez, ímonos abster.

Moitas gracias.

Sr. Fernández Moreda

Seguindo entón o camiño marcado polo representante do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Doval, imos agrupar tamén nunha única intervención e dicir o senso de voto do grupo socialista. Con respecto ao número tres nosoutros imos votar que non por unha razón simple, porque consideramos que isto é unha tomadura de pelo a esta institución.

Estamos reformando un proxecto dunha obra do Plan operativo local. O proxecto faino, réalízao e preséntao o concello respectivo, non é un proxecto da deputación e a xustificación para este modificado é “as razóns polas que se procede á redacción do proxecto modificado con base nas necesidades reais da obra, motivadas polas esixencias do Concello de Ordes, co obxecto de acometer obras de dotación de todos os servicios necesarios de electricidade, telefonía e gsa cidade baixo o pavimento das rúas e beirarrúas polas que discorre a obra de saneamento obxecto da presente obra.” É lóxico que á hora de facer unha obra desta natureza se prevexan as canalizacións do gas, da electricidade e de auga, é lóxico, pero sería lóxico que o propio Concello de Ordes, cando presente o proxecto para ser financiado polo POL introduza xa estas obras no proxecto. Imaxinemos que agora todos os concellos da provincia presenten propostas de modificación dos seus proxectos coma esta, por melloras de proxectos que eles mesmos realizaron.

Por outra parte, tampouco parece razoábel, non me parece razoábel, primeiro que o pague a deputación, debería pagalo o concello, pero tampouco me parece razoábel que o pague o concello porque normalmente o que adoita facer con este tipo de obras é establecer convenios coas empresas o pagamento deste tipo de obras, que as canalizacións de electricidade as pague Fenosa, que as canalizacións de gas as pague a empresa respectiva e que a canalización de telefonía a pague Telefónica. Non é razoábel, entendemos que non é razoábel que a Deputación da Coruña asuma un maior custo nun proxecto que foi presentado polo propio concello e agora o propio concello quere que se fagan obras novas.

Con respecto ao número catro imos votar que si, con respecto ao número cinco imos votar que si, porque aínda que é un convenio que excede o que é a Administración ordinaria, hai unha urxencia que de todos é coñecida, e concretamente polo grupo socialista levamos eu creo que dous anos, ou tres anos, concretamente o deputado Sr. Félix Porto,

presentando preguntas *in voce* en moitas sesións plenarias desta casa á deputación interesándose pola conclusión das obras deste polideportivo, entón lóxicamente si hai unha urxencia, e canto antes se faga, mellor, a pesar de que supón un compromiso de financiamento con cargo ao orzamento do vindeiro exercicio.

No punto número seis ímonos abster; no número sete imos votar en contra, porque entendemos que isto é unha obra que excede o que é unha actuación nun período de administración ordinaria. Non pasa absolutamente nada se estas obras, este Plan de travesías do 2003 se aproba no primeiro pleno ordinario, no pleno ordinario do goberno, o que sexa, no mes de decembro, non pasa absolutamente nada. Eu sei que se trata de xustificar o realizalo agora, aínda que non é un tema de administración ordinaria, con base nun informe do xefe de Servicio de Vías e Obras dicindo que son obras que son urxentes; ben, non hai ningunha urxencia, porque dada a climatoloxía desta provincia, nestes meses, non se fai ningunha obra deste tipo, ninguén inicia unha obra deste tipo, e segundo porque, xa digo, que é un plan que se podía aprobar no pleno ordinario do mes de decembro e non pasaría absolutamente nada, esa é a razón pola que votamos que non.

(Entra o Sr. Erias Rey).

No punto número oito ímonos abster; no punto número nove ímonos abster e no punto número dez estamos dubidando entre absternos ou votar que non, pero ben, dixen que ía seguir o camiño, a senda iniciada polo Sr. Doval, e vouno continuar ata o final, imos absternos tamén.

Digo que estamos dubidando entre a abstención e o non por unha razón simple, esta obra que se modifica, esta obra que se substitúe, foi aprobada o 24 de setembro do ano 2002, e tería que estar executada. Esta mesma obra di o concello que se executou con cargo aos fondos da fundación Arao, que se executaría sobre o mes de maio, abril, maio-xuño deste ano. Non parece moi razoábel executar unha obra que ten financiamento por parte dunha institución, executala con fondos de onde veñan, e logo pór un cambio para outra obra polo mesmo importe. O lóxico sería facer a outra obra que se pretende agora substituír coa fundación Arao, e financiar esta obra con cargo á deputación tal e como estaba previsto no Plan XXI de turismo da natureza aprobada a primeira fase da anualidade do 2000, o 27 de setembro de 2002.

E logo porque, eu creo que chega un momento en que, xa que é tarde, estamos no final dunha lexislatura, ao mellor non é doado facelo, pero eu creo que deberíamos dicirlle aos concellos que foran serios. Danse uns prazos, é que creo que é a terceira vez que se prorrogan os prazos de certificación deste plan, e non pode ser, porque non só estamos substituíndo unha obra, estamos substituíndo unha obra e modificando unha base do plan para aumentar de novo o prazo de execución deste plan. Entón haberá que lle dicir aos

concellos, “oia, teñen vostedes prazo suficiente, teñen tempo suficiente, sexamos serios”, porque senón, prodúcese unha distorsión, e eu creo que os concellos teñen plena capacidade, son autónomos, teñen capacidade para tomar decisións e hailles que esixir tamén que teñan un pouco de seriedade na execución das súas obras.

E isto é Sr. presidente, agardando que cheguemos á rolda de mocións, toda a intervención que tiña previsto facer o grupo socialista neste pleno. Moitas gracias.

#### Sr. Varela Rey

Para facer unha intervención referente a aqueles aspectos, sobre todo, do posicionamento do grupo socialista, manifesta o voto en contra, en concreto no apartado número tres, proxecto do Concello de Ordes, onde o concello digamos que cando fai a petición de saneamento e dotación de servicios, unha vez que levanta a pavimentación e que ten que establecer a obra, parece razoábel acometela en toda a súa extensión, entón surxen situacións, eu creo que de necesidade e que tampouco sería aconsellábel, parece que non sería moi procedente, que algo que van executar agora, que ó mellor dentro dun ano ou de dous anos, que teñan que voltar a modificalo. Polo tanto, a nosoutros parécenos oportuno que unha vez que executan a obra, facela nas mellores condicións.

No apartado do Plan de travesías 2003 hai, á parte da urxencia no informe técnico que avala esta urxencia, eu creo que máis ca nada o Plan de travesías ten unha situación de aspecto técnico: eu creo que calquera goberno que promova este Plan de travesías seremos coincidentes practicamente todos en que as necesidades son esas que se establecen agora mesmo porque as propostas son fundamentalmente de carácter técnico.

E respecto ao último punto, que é o cambio de obra que solicita o Concello de Cabana de Bergantiños, o que fai o Concello de Cabana de Bergantiños é en canto que ten posibilidade de financiar esta mesma obra a través da fundación Arao, acóllese a fundación Arao porque cando a solicita no Plan XXI de turismo non hai fundación Arao, ou sexa, non ten esa posibilidade, unha vez que ten esa posibilidade di, se a podo executar con cargo a outras partidas doutras entidades e permítenme financiar este diñeiro, eu creo que é o que faría ademais calquera concello. E, polo tanto, nosoutros entendemos que non ten por que renunciar ningún concello a unha posibilidade de financiamento por parte de calquera Administración, ou por parte de calquera institución e, polo tanto, a maiores, ¿cal é o prazo que solicita ou que se modifica dende o concello de Cabana de Bergantiños?, é mínimo, non debe de supoñer ningún tipo de situación de agravio comparativo para ningún outro concello; eu creo que todo o que sexa favorecer a calquera concello, que debemos entendelo, sobre todo cando non deba ter ningunha repercusión negativa para ningún outro concello, e esta é a situación, non ten nignunha repercusión negativa, nin afecta a ningún outro concello nese senso. Moitas gracias.



## VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)  
Votan en contra: 10 deputados (PSOE)  
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o proxecto reformado con incremento do orzamento da obra "**Saneamento e dotación de servicios R/Pascual Veiga, Pl**” do Concello de Ordes, incluída no POL Adicional 1/2002 e POL Anualidade 2003 co código 02.2301.0086.0 que foi presentado polo director das obras.

1º.- Aprobar por un importe total de 446.314,34 € o proxecto reformado da obra “Saneamento e dotación de servicios R/Pascual Veiga, Pl” do Concello de Ordes, incluída con carácter de plurianual no POL Adicional 1/2002 e POL Anualidade 2003 (Código 02.2301.0086.0), que foron aprobados polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 27 de setembro de 2002 e 31 de xaneiro de 2003 respectivamente.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ao incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que representa a cantidade de 73.577,60 € o prezo de contrata, sendo de 61.658,02 € o prezo de adxudicación. O incremento será financiado integramente pola deputación. (código: 03.2300.0086.1)

Con isto os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

"Saneamento e dotación de servicios R/Pascual Veiga, Pl" - Concello de Ordes					
	<u>Orzamento</u> <u>Proxecto Inicial</u>	<u>Orzamento reformado</u>		<u>Diferencia</u> <u>03.2300.0086.1</u>	
	<u>A prezos de</u> <u>contrata</u>	<u>A prezos</u> <u>contrata</u>	<u>A prezos de</u> <u>adxudicación</u>	<u>A prezos</u> <u>contrata</u>	<u>A prezos de</u> <u>adxudicación</u>
Deputación f.p.	79.579,30	153.156,90	125.326,30	73.577,60	61.658,02
Deputación outros	18.636,84	18.636,84	18.636,84	0	0
MAP	45.324,78	45.324,78	37.982,17	0	0
FEDER	229.195,82	229.195,82	192.066,10	0	0

TOTAL	372.736,74	446.314,34	374.011,41	73.577,60	61.658,02
-------	------------	------------	------------	-----------	-----------

3º.- O incremento de orzamento do proxecto financiarase con cargo ó saldo dispoñible na partida 0501/519B/60145 do vixente orzamento provincial.

4º.- Dispoñer a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

5º.- Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artgº 29.2 da Lei 6/1997 de 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, entendéndose emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

6º.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.

7º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración local de Galicia, entendéndose emitido informe favorable no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.”

**4.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS PARROQUIA S. DE REQUIÁN”, DO CONCELLO DE BETANZOS, INCLUÍDA NO PLAN XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2002. CÓDIGO 02.3800.0036.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra denominada **"Pavimentación de vías públicas nas parroquias de Santiago de Requián, Piadela e outros"** (código 02.3800.0036.0) do Concello de Betanzos, con contratación correspondente ao concello, que foi incluída no Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2002, aprobada polo Pleno da deputación en sesión celebrada o 31 de maio de 2002, dado que a modificación só supón a substitución dalgún camiño por outro e un pequeno cambio nas características básicas das obras que se van realizar neles, pero sen alterar o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.”

**5.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMARIÑAS**

**PARA O FINANCIAMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE RECONSTRUCCIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE PONTE DO PORTO (CAMARIÑAS).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas para establecer a colaboración de ambas as institucións para o financiamento da execución das obras incluídas no proxecto de reconstrucción do pavillón polideportivo de Ponte do Porto (Camariñas), a Deputación Provincial da Coruña financiará o 100% do custo da obra, da dirección e coordinación da seguridade e saúde, así como o control de calidade conforme ao seguinte detalle:

	ANO 2003	ANO 2004	TOTAL
REDACCIÓN DE PROXECTO	12.018,76	-----	12.018,76
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	188.448,23	185.609,28	374.057,51
DIRECCIÓN DAS OBRAS E COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE	6.533,01	6.434,60	12.967,61
TOTAL.....	207.000,00	192.043,88	399.043,88

2º.-Para atender as obrigas que se derivan do presente convenio, correspondente á anualidade 2003 que ascende á cantidade de 207.000 euros, existe crédito na aplicación 0501/519Z/601.87 (RC de retención de crédito, nº de rexistro 9.422, con data do 22.10.03). Polo que respecta á anualidade 2004 que ascende a 192.043,88 euros, a achega da deputación estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento 2004 (RCP número de rexistro 9.423, con data do 22.10.03).

3º.-Aprobar o proxecto de execución das obras anteriormente indicadas.

4º.-Facultar ao presidente para executar o presente acordo”.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA ESTABLECER A COLABORACIÓN DE AMBAS AS INSTITUCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE RECONSTRUCCIÓN DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO PONTE DO PORTO (CAMARIÑAS).**

A Coruña, de de dous mil tres

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, don \_\_\_\_\_, asistido polo secretario xeral D. José Luis Almau Supervía.

E doutra parte o Sr. alcalde-presidente do concello de Camariñas, D. Juan Bautista Santos Ramos.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**EXPOÑEN:**

1º.-O Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña aprobou a 2ª fase do Plan 2000 infraestructuras dentro do cal figuraba incluído o proxecto “Polideportivo Ponte do Porto, termo municipal de Camariñas, cun orzamento de 318.731,84.- euros.

2º.-As referidas obras adxudicáronse mediante concurso con procedemento aberto.

3º.-Estando as obras en fase de execución polo contratista produciuse o derrubamento de parte do inmovible e ante este suceso e á vista dos informes técnicos a deputación mediante Resolución de Presidencia número 19.196/2001 declarou ao adxudicatario responsábel do derrubamento.

4º.-A pesar dos distintos requirimentos que constan no expediente o adxudicatario non procedeu á reconstrucción das obras, abandonándoas e interpondo recurso contencioso administrativo contra a Resolución de Presidencia nº 19.196/2001.

5º.-A Deputación da Coruña mediante Resolucions de Presidencia número 10.077/2003 e número 13.076/2003 procedeu á resolución do contrato co adxudicatario das obras, ao producirse o derrubamento do polideportivo por unha mala execución da obra por parte do adxudicatario, circunstancia que determinou a imposibilidade sobrevida de executar o contrato.

6º.-Ante o abandono total da obra efectuado polo contratista e polo tanto ao non realizar ningún traballo de mantemento producíronse novos danos motivados pola climatoloxía e actos vandálicos que representan un maior coste para a deputación ao afrontar a reconstrucción do polideportivo, tendo que realizar a deputación con carácter de urxencia un cerrume provisional para evitar riscos para as persoas.

7º.-Ambas as institucións consideran que existen fundadas razóns de interese público para actuar de maneira dilixente e evitar o deterioro existente e dotar a Ponte do Porto dun polideportivo que sirva para atender as necesidades deportivas e educativas do Concello de Camariñas e en especial dos nenos do colexio de educación infantil e primaria que carecen dun lugar adecuado para a práctica deportiva e educativa, e que se ven obrigados a realizar as súas prácticas ao aire libre especialmente no inverno nun concello cunhas condicións climáticas moi desfavorables o cal lles pode carrexar un serio prexuízo para a saúde.

Por todo o cal,

ACORDAN:

Formalizar o presente convenio conforme ás seguintes **CLÁUSULAS**:

**PRIMEIRA.-OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Camariñas para financiar a execución das obras incluídas no proxecto de Reconstrucción do pavillón polideportivo en Ponte do Porto (Camariñas).

**SEGUNDA.- FINANCIAMENTO**

O investimento total para executar as obras e contratos conexos ascende á cantidade de 399.043,88.- euros, detallándose nos seguintes conceptos e importes:

	ORZAMENTO
REDACCIÓN DO PROXECTO	12.018,76
ORZAMENTO EXECUCIÓN POR CONTRATA	374.057,51
DIRECCIÓN DAS OBRAS E COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE	12.967,61
<b>TOTAL.....</b>	<b>399.043,88</b>

A Deputación Provincial da Coruña financiara o 100% dos conceptos anteriormente citados.

No suposto de que se produzan baixas na adxudicación dos contratos (obra, dirección e control de calidade), a achega da deputación reducirase proporcionalmente.

Calquera incremento que se produza na obra como consecuencia de reformados ou liquidacións será financiado pola deputación con idéntica porcentaxe de financiamento, trala existencia de crédito adecuado e suficiente e aprobación polo órgano competente.

#### TERCEIRA.- AUTORIZACIÓN PARA EXECUTAR AS OBRAS

O Concello de Camariñas autoriza á deputación para executar as citadas obras, e ponlle a disposición os terreos necesarios. Así mesmo faise constar que mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación municipal en sesión celebrada o 14 de outubro de 2003 aprobouse o proxecto de execución das obras.

#### CUARTA.- CONTRATACIÓN

Correspóndelle á Deputación Provincial da Coruña a contratación da execución das obras incluídas no proxecto de reconstrucción de pavillón polideportivo e a contratación da dirección das obras e coordinación da seguridade e saúde, así como o control de calidade.

#### QUINTA.- ANUALIDADES

A achega da deputación realizarase con cargo ás seguintes anualidades:

	ANO 2003	ANO 2004	TOTAL
REDACCIÓN DO PROXECTO	12.018,76	-----	12.018,76
ORZAMENTO EXECUCIÓN POR CONTRATA	188.448,23	185.609,28	374.057,51
DIRECCIÓN DAS OBRAS E COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE	6.533,01	6.434,60	12.967,61
TOTAL.....	207.000,00	192.043,88	399.043,88

Para atender as obrigas que se derivan do presente convenio, correspondente á anualidade 2003 existe crédito na aplicación 0501/519Z/60187, do orzamento vixente.

Polo que respecta á anualidade 2004 a achega da deputación estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento 2004.

#### SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Co fin de establecer un seguimento coordinado da execución do presente convenio constituirase unha Comisión de Seguimento formada por dous técnicos de cada unha das institucións nomeados polos seus respectivos presidentes.

#### SÉTIMA.- ENTREGA DAS OBRAS E INSTALACIÓNS

Unha vez recibidas as obras da deputación entregaraas ao Concello de Camariñas quen a partir da dita data se encargará do seu mantemento e conservación.

O Concello de Camariñas comprométese a facilitarlle, de balde, á deputación o uso do polideportivo para finalidades culturais ou deportivas por un período máximo de quince días cada ano, despois da solicitude por parte da deputación cunha antelación dun mes e durante un máximo de dez anos.

#### OITAVA.-VIXENCIA

O presente convenio iniciará a súa vixencia na data da súa sinatura e finalizará o 31 de decembro de 2004, podendo prorrogarse por causas xustificadas.

#### NOVENA.- NATUREZA E XURISDICCIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia deste.

Para resolver as dúbidas ou lagoas que surdan na interpretación do presente convenio aplicarase supletoriamente o Decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño.

En proba de todo o cal asinan o presente documento en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

**6.- APROBACIÓN DA 3ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE HA CONTRATAR A DEPUTACIÓN INCLUÍDAS NO IV CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os proxectos técnicos e demais documentación das obras que figuran no anexo a este acordo, das previstas na Primeira programación plurianual das obras que se van contratar pola deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, que foi aprobada polo Pleno desta deputación en sesión celebrada o 29.11.02 e publicada no BOP núm. 277, con data do 3.12.2002.

1º) Aprobar a 3ª fase da Primeira programación plurianual das obras que se van contratar pola deputación incluídas no Convenio de cooperación suscrito entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña 2002-2006 para a reforma e construción de instalacións deportivas municipais, na que se inclúen as obras e demais gastos que conleva a súa execución que figuran no anexo a este acordo.

O resumo de financiamento desta 3ª fase é o seguinte:

	2.003	2.004	TOTAL
DEPUTACIÓN	600.996,68	386.751,30	987.747,98
CONCELLO	198.495,46	173.252,96	371.748,42
TOTAL	799.492,14	560.004,26	1.359.496,40

2º) Aprobar, así mesmo, os correspondentes proxectos técnicos.



3º) Remitir este acordo á Xunta e á Comisión Galega de Cooperación local no prazo de dez días para o seu coñecemento e informe, e someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas. No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobada esta fase.

ANEXO AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA 3ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS INCLUÍDAS NO CONVENIO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2002-2006 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Código	Concello/Denominación		Orzamento total	2003	2004	2005
03-7450.0002.0	<b>A BAÑA</b>	Deputación	344.980,95	258.735,71	86.245,24	0,00
	POLIDEPORTIVO CUBERTO	Achega concello	75.727,53	50.485,02	25.242,51	0,00
		<b>Total</b>	<b>420.708,48</b>	<b>309.220,73</b>	<b>111.487,75</b>	<b>0,00</b>
03-7450.0002.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	4.207,08	4.207,08	0,00	0,00
03-7450.0002.5	DIRECCIÓN DE OBRA	Deputación	9.513,67	9.513,67	0,00	0,00
		<b>Total concello</b>	<b>434.429,23</b>	<b>322.941,48</b>	<b>111.487,75</b>	<b>0,00</b>
03-7450.0020.0	<b>RIBEIRA</b>	Deputación	601.012,11	300.506,05	300.506,06	0,00
	ACONDICIONAMENTO COMPLEXO	Achega concello	296.020,89	148.010,44	148.010,45	0,00
	DEPORTIVO "A FIEITEIRA"	<b>Total</b>	<b>897.033,00</b>	<b>448.516,49</b>	<b>448.516,51</b>	<b>0,00</b>
03-7450.0020.3	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	8.970,33	8.970,33	0,00	0,00
03-7450.0020.5	DIRECCIÓN DE OBRA	Deputación	19.063,84	19.063,84	0,00	0,00
		<b>Total concello</b>	<b>925.067,17</b>	<b>476.550,66</b>	<b>448.516,51</b>	<b>0,00</b>
	<b>RESUMO DA 3ª FASE</b>	Deputación	987.747,98	600.996,68	386.751,30	0,00
		Achega concello	371.748,42	198.495,46	173.252,96	0,00
		<b>TOTAL</b>	<b>1.359.496,40</b>	<b>799.492,14</b>	<b>560.004,26</b>	<b>0,00</b>

## 7.- APROBACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2003.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 10 deputados (PSOE)

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar o Plan de travesías 2003, coa nova denominación que modifica a que figuraba no Programa de actuación para o Plan de travesías e outras obras para o ano 2003 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 28 de marzo de 2003, integrado polos proxectos que de seguido se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos neste, cun orzamento total de 1.544.923,64.- euros, con cargo á partida 0401/511B/601.03:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
03.1130.0001.0	TRAVESÍA EN SANTA IRENE (P.K. 0+625 AO P.K. 0+885 DA E.P. 0605 SANTA IRENE- PONTE SAN XUSTO) (O PINO)	79.213,00
03.1130.0002.0	TRAVESÍA E.P. 0605 DE SANTA IRENE Á PONTE DE SAN XUSTO P.K. 2,35 AO P.K. 3,80 (O PINO)	167.037,18
03.1130.0003.0	PROXECTO COMPLEMENTARIO DE DOTACIÓN DE COLECTORES DE SANEAMENTO E PLUVIAIS CON MELLORA DA SEGURIDADE VIAL EN TRAVESÍAS DE ESTRADAS PROVINCIAIS (BETANZOS)	69.064,00
03.1130.0004.0	PROXECTO DE ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 5601 RÚA DO CARME DE NEGREIRA (NEGREIRA)	360.000,00
03.1130.0005.0	PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA E.P. 5804 DE ACCESO Á PRAIA DE SANTA CRISTINA (OLEIROS)	85.374,49
03.1130.0006.0	PROXECTO DE ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 7309 DE CASA COMANDANTE ÁS SAIÑAS P.K. 0+000 AO P.K. 2+160	720.000,00
03.1130.0007.0	EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS-RECOLLIDA DE PLUVIAIS E RESIDUAIS E ABASTECIMENTO DE AUGA E ILUMINACIÓN PÚBLICA NA E.P. 8402 ACCESO A IGREXA DE BARDAOS P.K. 0,14 ATA O P.K. 0,30 (TORDOIA)	64.234,97
total		1.544.923,64

2º) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

**8.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO E.P. 1201 RODIÑO A CODESO POR BOQUEIXÓN, INCLUÍDA NO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2002. CÓDIGO 02.1110.0014.1.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar o proxecto reformado de ampliación e mellora do trazado da E.P. 1201 de Rodiño a Codeso por Boqueixón, código 02.1110.0014.1 polo seu orzamento de contrata de 900.244,32 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 149.914,56 euros.

2.-Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo Ponciano Nieto González, con CIF 5556203R, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 641.063,98 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 106.754,16 euros, e un prazo de execución de catro meses.

3.-Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 21.350,83 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 128.212,79 euros.”

**9.- PROXECTO DE FINALIZACIÓN DE MODIFICADO DE INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL. CONCELLO DE MAZARICOS. A CORUÑA.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar por un importe total de 22.425,22 euros o proxecto de remate da obra “Instalación de Protección Civil en Mazaricos código 99-4000.0045.6 aprobada polo Pleno da deputación en sesión celebrada o 12.02.99.

O incremento será asumido integramente pola deputación, polo que os datos de financiamento da obra son:

<u>Obra</u>	<u>Financiamento definitivo</u>
Proxecto de remate “Instalación protección civil en Mazaricos, código reformado 99.4000.0045.6	22.425,22 euros

2.-Dispoñer a exposición pública da memoria técnica reformada mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que se poidan presentar alegacións entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, da Administración local de Galicia.

4.-Facultar ao Presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

**10.- PROPOSTA DE SUBSTITUCIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO E POSTA EN VALOR DA VEEA QUE PERCORRE O REGO DOS MUÍÑOS EN CANDUAS” POLA DENOMINADA “ACONDICIONAMENTO E POSTA EN VALOR DA VEEA QUE PERCORRE O REGO DOS MUÍÑOS DA BARCIA NA PARROQUIA DE RIOBOO”, CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS (PLAN XXI DE TURISMO DA NATUREZA).**

## VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a substitución da obra “Acondicionamento e posta en valor da senda que percorre o Rego dos muíños en Cánduas”, cód. 02.4300.0020.0 pola denominada “Acondicionamento e posta en valor da senda que percorre o Rego dos muíños da Barcia na parroquia de Rioboo” cód. 02.4300.0204.0, Concello de Cabana de Bergantiños (Plan XXI de Turismo da natureza).

2.-Ampliar o prazo establecido na base oitava das de convocatoria do Plan XXI de fomento do turismo de natureza para xustificar a execución das obras perante a deputación. Os concellos deberán xustificar a execución das actuacións incluídas no plan antes do 15 de decembro de 2003.

3.-Dispoñer a exposición pública do presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que se poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non presentarse ningunha.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

## **MOCIÓNS**

Sr. presidente

Hai unha moción presentada polo grupo provincial socialista e asinada polo Sr. Fernández Moreda, que lle rogo que a defenda.

Sr. Fernández Moreda

Serei breve tamén na defensa desta moción porque non hai que estenderse moito explicando o porqué.

A deputación fixo uns parques de bombeiros, están aí, hai unhas dotacións dende hai xa dous anos ou tres anos almacenadas en Sabón, e ten que xestionar estes parques e decide o padroado dos parques de bombeiros que está composto por tres representantes desta deputación e tres representantes da Xunta, deciden facer un concurso para sacar a xestión destes parques de bombeiros, de seis parques de bombeiros, concurso que supón unha cantidade económica, un importe económico de 15 millóns de euros, que son 2.500 millóns de pesetas, das antigas pesetas, e que pode chegar ata 900 millóns de euros, 15.000 millóns de pesetas, si, tal como está previsto nas bases, prorrogase por cinco anos e prorrogase outra vez por cinco anos.

Ben, o que nos preocupa ao grupo socialista é que un concurso desta transcendencia -transcendencia pola suma económica, 2.500 millóns que poden chegar a 15.000 millóns de pesetas, e transcendencia pola natureza da función que van desenvolver, a xestión de parques de bombeiros-, dase un prazo de 15 días para presentar ofertas. Non nos parece razoábel que o prazo sexa tan breve, eu sei que é o legal, o que fixa a lei como legal, 15 días, pero 15 días son para mercar unha resma de papeis, non para adxudicar un contrato que pode chegar a 15 anos e pode chegar a 15.000 millóns de pesetas. Porque eu creo que o que lle interesa á deputación, o que lle debería interesar ao padroado e o que debería de interesarlle á Xunta, é que se faga coa publicidade necesaria para favorecer a concorrencia do maior número posible de ofertas, porque en definitiva, o que deberíamos de buscar é a mellor prestación dese servizo, e cantas máis ofertas se presenten, máis posibilidades temos de elixir. Dando un prazo de 15 días é imposible presentar unha oferta seria porque a xente se informa ao ler o boletín e terá que ver, visualizar fisicamente os parques, onde están, en que condicións se encontran, para preparar unha boa oferta. É materialmente imposible en quince días poder presentar unha oferta seria para xestionar parques de bombeiros, agás que o que se busque sexa outra cousa na que non quero pensar.

E eu creo que tamén a deputación, e máis en funcións como se encontra agora, é a máis interesada en presentar este concurso baixo os máis estrictos parámetros de obxectividade e transparencia, e o prazo de quince días que se dá non favorece moito estes obxectivos que deberían de ser os que buscarse a deputación. Polo tanto, o que formulamos o grupo socialista é que se amplíe o prazo de presentación de ofertas de 15 días a 45 días.

Estes parques eu lembro que xa o Sr. Lendoiro cando estaba aquí de presidente hai seis anos, xa gastaba non sei cántos centos de miles ou millóns de pesetas en publicidade na prensa e poñía “Así estaba a provincia e así está a provincia”, dicindo os parques de bombeiros, pois son eses mesmos parques que se dicía hai seis anos que estaban en funcionamento, aínda non están en funcionamento e non pasa nada se tarda tres meses máis en estar en funcionamento, e dende logo non pasa nada se a demora en entrar en funcionamento de tres meses se debe a que esta deputación favorece a presentación de ofertas, dando un prazo o suficientemente amplo para que a xente que se queira presentar, as empresas que se queren presentar, poidan presentar as súas ofertas dunha forma seria e rigorosa e para que aqueles que teñen que facer a selección e propor a adxudicación, poden elixir entre varios e elixir a mellor.

Por iso, Sr. presidente, en prol da obxectividade, da transparencia, e en prol fundamentalmente da prestación do servizo e en prol de poder elixir de entre moitos, pedímoslle que reúna o consorcio, que non llo pedimos agora, o 24 deste mes presentamos a iniciativa, que se reúna o consorcio a instancia dunha parte, que é a deputación, e fagan público que se amplía o prazo de presentación de ofertas, para que moitos que queren

presentarse e que non poden presentarse porque non teñen prazo, teñan a opción de se presentar e vostedes teñan a opción de adxudicarllo mellor. Máis nada e moitas gracias.

Procédese a votar a urxencia e é aprobada por unanimidade.

Sr. Rodríguez Doval

Penso que o voceiro do grupo socialista enmarcou o obxectivo que ten a proposta e eu diría que, en todo caso, é oportuna e necesaria. Eu penso que é oportuna fundamentalmente porque hai xa unha activación dese mecanismo de contratación que eu penso que foi un erro, eu quero dicir con toda claridade que para nós este tema debería quedar para que a nova Corporación, sexa cal sexa, aborde unha nova visión do tema dos parques de bombeiros. A min non me cabe dúbida de que, á parte de que cada un de nós aquí temos a nosa visión sobre o tema dos parques de bombeiros, é evidente que temos aí, e discúlpenme a expresión, un morto con esa situación. Polo tanto, eu penso que incluso o primeiro erro foi xa sacar a contratación, iso debeu de quedar aí e aí si que non se poden aducir razóns de perda de subvencións nin nada, eu penso que o tempo que se perdeu agardando a contratación, o teriamos gañado en saber realmente a problemática que eu penso que mesmo é máis profunda do que algúns pensamos, dígoo con toda sinceridade. Entón, eu penso que iso debeu de quedar por unha razón de certa sensatez e racionalidade política, para a próxima Corporación, pero é evidente que xa que non foi así, cando menos, eu penso que o carácter de transparencia e dereito á participación e apertura do proceso de licitación que se debe de garantir porque, como ben se dixo, non estamos falando dunha cuestión intranscendente, estamos falando dunha cuestión que mesmo eu penso que pode condicionar economicamente o futuro desta deputación, e dígoo con toda claridade, non é unha frase para saír nos medios, senón que é unha impresión, penso que desde logo nada persoal, senón asumida por outra xente. Nese sentido, imos votar favorablemente á proposta do grupo socialista porque, ademais, nós pensamos que se pode facer, é factible, non se está proponendo nada interesado que non poida ser, é legal, e eu penso que polo menos cubre as costas de que o proceso sexa máis transparente e máis aberto de cara ás empresas que queiran participar.

Sr. Varela Rey

Eu penso que para abordar este tema hai que comezar por clarificar a situación tal como se produce no tempo.



Aquí estase falando dunha convocatoria para a concesión de parques de bombeiros, onde se dá de prazo 15 días, prazo ademais que se admite como legal, penso que hai que falar de todo o proceso.

O proceso de concesión de parques de bombeiros iníciase hai uns seis meses, que se fai a publicidade, que se publica nos xornais oportunos, no Diario Oficial de Galicia, para que todas as empresas, e que se dá o período de tempo suficiente para que poidan licitar todas as empresas e para que poidan concorrer a este concurso, é dicir, hai un proceso desde hai 6 meses atrás. Preséntanse aquelas empresas que entenden que están en condicións, fan a súa oferta e a Mesa de contratación entende e parece oportuno deixar deserto naquel momento ese concurso, pero as empresas xa participaron naquel momento, xa elaboraron a súa proposta económica, xa fixeron os seus estudos. Unha vez que se deixa deserto, calquera empresa especializada no sector debe de entender que este concurso que queda deserto, que ten que haber un momento que se vai volver a convocar, tarde dous meses, tarde tres, tarde catro, tarde cinco, se faga agora mesmo a fins de outubro, ou se faga como din os grupos do PSOE e do Bloque, que tarde dous meses. ¿Cal é a diferenza entre que tarde 6 meses desde o proceso último a que tarde oito?, ¿a diferenza é de tempo?, ¿non van ter as empresas tempo suficiente?, eu penso que hai tempo máis que de sobras, ¿non hai a publicidade suficiente?, ¿non teñen as posibilidades as empresas de presentarse?, nós entendemos que de sobras. Non estamos falando dun concurso e dun proceso único, estamos falando dunha repetición dun concurso que xa se estableceu, e que isto a calquera empresa, que falaban de empresas serias e en condicións, a calquera empresa seria non a colle de imprevisto, iso seguro; calquera empresa seria sabe que un concurso que se realiza nun momento e que queda deserto, que se vai realizar de novo, calquera empresa seria. E seguramente que todas as empresas que quixeron licitar, que saben perfectamente a importancia desta convocatoria e saben perfectamente como poden licitar e saben en que condicións están as propias bases do concurso e, a maiores, eu penso que hai, para falar de transparencia, haberá que pensar, e de obxectividade, haberá que pensar que a Mesa de contratación, formada tamén por técnicos, onde está a Xunta de Galicia, onde está a Deputación provincial, e onde hai uns informes técnicos previos á toma de decisión, informes de carácter público, loxicamente. ¿Que pasa, que comezamos a dubidar dunha situación que aínda non se produciu no tempo?, eu penso que non, penso que non temos dereito a dubidar desta situación despois, que se vai producir, a Mesa de contratación actuará con obxectividade total e absoluta, valorará a convocatoria do concurso e, loxicamente, dará resposta ao que todos os grupos queremos, e todos os grupos queremos que os parques de bombeiros se poñan en marcha canto antes, e que non se non quedara deserto no proceso anterior, xa estaría adxudicada esta convocatoria hai aproximadamente catro meses.

Polo tanto, nós entendemos que hai suficiente publicidade, que todas aquelas empresas serias, que son as que se queren para este proceso, que non as colle de imprevisto, que non as colle de sorpresa, porque estamos falando dunha segunda

posibilidade dentro dunha convocatoria, porque hai 6 meses houbo a primeira convocatoria e, polo tanto, nós queremos, á parte, repito, de que é un proceso legal no tempo, é un proceso totalmente legal. Eu penso que está garantido para que isto se resolva dunha maneira razoable, para que resolva con xustiza e que, loxicamente, nós non temos ningunha dúbida de que a Mesa de contratación vai actuar con estes criterios que ten que actuar e que nós agardamos, non deste proceso, senón de calquera proceso que se produce na Administración, tanto sexa provincial ou tanto sexa autonómica ou, como neste caso, que hai un consorcio onde hai administración provincial e administración autonómica.

Polo tanto, nós estamos seguros de que o van resolver con todas as garantías e de que vai ser o mellor para eses catro parques de bombeiros que son os iniciais que se van poñer en marcha, pero que ademais nós entendemos que é urxente a súa posta en marcha e que non hai ningún criterio, tampouco ningunha situación, que aconselle nestes momentos atrasalo por máis tempo, porque en todo caso, repetimos, que entendemos que hai suficiente publicidade e, loxicamente, total e absoluta transparencia. Moitas gracias.

Sr. Fernández Moreda

Sinceramente, voulle dicir que sería máis digno votar que non á urxencia que ter que escoitar esta explicación, porque non é serio o que escoitei, e non é serio comezar a sementar dúbidas, eu sei que a Mesa de contratación, ou espero que a Mesa de contratación vai facer uns informes rigorosos e obxectivos, pero non está ninguén poñendo en cuestión iso. O que estamos poñendo en cuestión é que a Mesa de contratación vai ter moi poucas ofertas para facer uns informes serios, rigorosos e obxectivos, porque se falamos, falamos de verdade.

Este concurso quedou deserto porque o presidente, que era presidente do padroado, tería voto de calidade, que por certo, se cometeu unha ilegalidade substituíndo ao presidente do padroado, porque os estatutos do padroado din que se cambie unha vez que se constituía a nova Corporación, e a nova Corporación non se constituíu, e cambiouse o presidente, e cambiouse o presidente porque hai 3 membros da deputación e tres membros da Xunta e o presidente tiña voto de calidade e resulta que se non se cambia o presidente, e hai outro presidente nesta Corporación, posiblemente fose ás reunións do padroado con outros criterios, e habería un empate, tres da Xunta, tres da Deputación e desempataría o presidente da deputación, porque eu pódolle dicir que se houbese outro goberno aquí, as bases e os pregos técnicos deste concurso non serían os que son, pero diso non fixemos referencia na miña intervención, non me referín a iso, é o que hai, pois adiante, non me referín a iso, pero despois da súa explicación, imos falar.

E ¿por que queda deserto?, queda deserto porque se presentaron dúas ofertas, dúas, e ¿que prazo se deu para presentar ofertas?, quince días, e non o soubo ninguén. E

había un informe da Mesa de contratación dicindo que se adjudicase a unha empresa, habíao, e non obstante queda deserto, e eu penso que quedou deserto, con bo criterio do presidente, que usou o seu voto de calidade para deixalo sobre a mesa, e penso que hai que felicitalo por iso, por deixalo sobre a mesa, porque había intereses contrapostos, porque unha parte do padroado quería unha empresa e outra parte do padroado quería outra empresa, e quedou deserto, e xa non sei se é aconsellable sacar isto a concurso cando está recorrida nun contencioso, e se o Xulgado lle dá a razón á empresa que recorre, a deputación ten que indemnizar, non sei se nun 3 ou nun 5% do total do contrato á empresa recorrente, co cal o que estamos facendo, pero tampouco fixen referencia a iso, porque é igual, que máis dá, se queremos colaborar, non queremos poñer pedras, colaborar, non fixen referencia a iso. Polo tanto, sacouse, efectivamente en febreiro, por aí, pero déronse quince días, presentáronse dous, unha que xestiona parques en Pontevedra e outra que non ten ningunha experiencia en xestión de parques. Hai moitas empresas en España que se dedican a isto, grandes empresas con experiencia, e que non se presentaron, ¿e por que non se presentaron? porque non se decataron, porque un contrato de 2.500 millóns de pesetas, que posiblemente chegue a 15.000 millóns de pesetas, é un bocado apetecible para calquera empresa, e ¿por que non se presentan?, non, porque non lles dá a gana, non, Sr. Blanco, non se presentan porque non se decatan, e o que estamos pedindo aquí é que se decaten, que é bo para nos, para a deputación, que cantas máis empresas se presenten, máis posibilidades teremos de acertar e de ter unha boa xestión nos parques de bombeiros.

E os pregos modificáronse, non son os mesmos pregos estes, que os que se publicitaron hai 6 meses, modificáronse, ao meu modo de ver, que podo estar equivocado, modificáronse pouco, deberían de modificarse máis, pero tampouco entrei niso na miña intervención, e non fago referencia a iso na moción, o único que digo é que non parece serio, e non me diga vostede que xa hai 6 meses que se sabe, porque é mentira, é mentira. Si, hai 6 meses houbo un concurso e presentáronse dous porque quen tería interese en presentarse, simplemente nin se decatou, ou cos prazos que se deron non se podía presentar.

E agora eu sei que vostedes, o padroado, tivo a intención de sacar o concurso con oito días, dando oito días de prazo, para sacalo por vía de urxencia, que tamén o permite a lei, declárase de urxencia e permite a lei reducir os prazos a oito días, gracias a Deus non se fixo. E faise con 15 días e é legal, eu dígo, é o que di a lei, é o prazo mínimo, pero home é o prazo mínimo para mercar unha resma de papeis, pero non para un concurso, unha concesión desta magnitude de 2.500 millóns de pesetas, que pode chegar a 15.000.

Entón, a moción non facía referencia a nada do que pasou, non facía referencia se era oportuno, politicamente ou non politicamente, nun momento en que a deputación está en funcións, e que posiblemente, non o sei, pero posiblemente quen teña que xestionar isto sexa outro goberno, non sería moi oportuno sacar este concurso agora, pero tampouco fixen referencia a iso, non fixen referencia a nada, simplemente limíteime a pedir ao equipo de

gobierno, que son os que teñen a potestade de poder facelo, señores, é un contrato importante, dunha magnitude importante, pola suma económica e pola función que van realizar, son seis parques de bombeiros, é imposible en 15 días facer unha oferta sería, porque unha empresa que queira presentarse terá que ver os parques onde están, en que condicións, para facer algo serio, con posibilidades de gañar ese concurso. O único que lles pedimos é, amplíe de 15 a 45 días, e eu sinceramente son tan inocente que pensei que cando vostedes votaron a urxencia que van aceptar isto, e o Sr. Lagares díxome “raios, Salvador, ¿sabías isto?”, e dixen, “eu non, pero ben, se o aceptan benvido sexa, porque estarán dando unha proba de prudencia e de sentido común e de madurez”, pero desgraciadamente o que vin é que deron a urxencia para que vostede tivese a oportunidade de argumentar como argumentou, para defender o que é indefendible.

Non quero falar máis deste tema, porque podería falar moitas cousas máis e de comentarios que hai.

Eu penso que á deputación, e moito máis unha deputación en funcións, interésalle que isto se faga con pulcritude, con publicidade, con absoluta transparencia e dando a posibilidade de que o que se queira presentar, se presente, ¿que máis lles dá?, ¿que máis lles dá ampliar o prazo?, ¿cal é o obxecto que temos?, que se presenten moitas empresas, para que esa comisión técnica, que ninguén dubida de que vai facer os estudos con obxectividade e con moi bo criterio, para que esa comisión técnica teña moitas ofertas sobre as que elixir, e que vostedes, que van ter que elixir, que elixan o mellor, é o que se pide. Non estamos prexudicando a ninguén, non estamos demorando nada, non estamos facendo nada irregular, nin nada que sexa negativo, ao contrario, estamos facendo unha cousa que eu penso que é boa para a provincia porque teríamos a garantía de que os parques, tal vez, puidesen ser xestionados mellor do que van ser xestionados porque, ao mellor, hai dúas ou tres empresas nada máis que se presenten, cando podían presentarse oito ou nove, que non se van presentar porque non teñen tempo para presentar as súas ofertas, para preparar as súas ofertas.

Eu rógolles, se é posible, que nos catro ou cinco minutos que quedan antes de rematar este Pleno e da votación, que reflexionen, porque é bo para a deputación, e dan unha proba de madurez, de sensatez, de prudencia e de sentido común. Nada máis e moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Proba de prudencia, de madurez, de sentido común reconece vostede que xa a deu o presidente cando entende no primeiro proceso que debe de quedar sobre a mesa, se non había os datos que entendía o presidente da deputación que tiña que haber, xa deu esa proba.

Sr. Moreda, é conveniente que vostede fale o que queira falar, e tamén é moi conveniente que non se semente ningunha dúbida sobre o proceso, é dicir, aquí ten todas as posibilidades de falar e dicir o que crea oportuno.

Na primeira intervención non fixo ningunha referencia a que fai 6 meses hai un proceso, que veñen dúas empresas, todas as empresas especializadas tamén saben que queda deserto, e unha empresa que sabe que queda deserta unha convocatoria tamén sabe que se ten que producir unha nova convocatoria, e as empresas andan moito máis espertas, e seguro que lles leva menos tempo mercar as resmas de papel do que vostede sinala, e que en quince días unha empresa sería capaz de facer moito traballo, e de presentarse a esta convocatoria ou a outra convocatoria bastante máis complexa, se ten interese en facelo, diso non me cabe ningunha dúbida. Quince días dan para facer moito tipo de estudos, sobre todo cando foi convocado con 6 meses de antelación, e cando vostede sinala, eu entendínlle que era mentira que se sabe hai 6 meses, se vostede reconece que houbo unha convocatoria hai 6 meses, ¿onde está a mentira?, está publicado nos xornais correspondentes a convocatoria dun concurso, esta deputación quere contratar, quere ter unha concesión para os parques de bombeiros, iso é público e notorio, está escrito onde as empresas saben cal é a súa fonte de información. Polo tanto, eu non vexo cal é a mentira que hai sobre este aspecto.

Tamén manifestou que se cometera algunha ilegalidade, eu penso que esa é outra situación; se hai algún tipo de ilegalidade, debe denunciar o grupo socialista cal é a ilegalidade ou a que se refire.

E nós reiteramos que, xa vexo ademais, teño anotado aquí, que vostede ten moito coñecemento de moitas empresas en España, pois calquera empresa de España pode vir aquí, sen problema e sen dificultade. E, sobre todo, prazo, desde hai 6 meses saben que se convocou, saben que quedou deserto e saben que unha convocatoria que queda deserta, que se volve a convocar, todo o prazo do mundo, ou ¿que pasa, que ás empresas colles a unha a pé cambiado?, seguro que non, seguro que non, e non hai imprevisión de ningún tipo nesta situación. Todas as empresas do sector están informadas, e todas aquelas empresas que teñen interese en presentarse seguro que aparecerán ao final, como resultado final, presentándose. E o que é seguro tamén é que a Mesa de contratación, e o consorcio no seu caso como responsable, que resolverá.

Eu penso que non debe quedar ningunha dúbida de que é un proceso o suficientemente longo no tempo, de que houbo tempo máis que suficiente, de que hai a publicidade máis que suficiente, e de que seguro que todas as empresas deste país son coñecedoras de que hai unha previsión de convocatoria na Deputación Provincial da Coruña, iso non lle caiba a vostede ningunha dúbida, calquera empresa sería, e as outras, eu penso que non paga a pena que veñan aquí.

E, polo tanto, comezar a súa segunda intervención falando de dignidade ou indignidade, iso déixoo para a situación de cada un, eu penso que alguén terá ao mellor que mirarse ao espello para ver se pode dicir iso ou non pode dicir iso, penso que é unha palabra que, ao mellor, igual sobra en todo caso nesa segunda parte da intervención, pode estar de acordo ou pode non estar de acordo, ou pode dar dous discursos, o primeiro que era que non había publicidade, e o segundo que era que o outro proceso se fixera dunha maneira determinada, pero en todo caso, o que é seguro é que o grupo de goberno vai actuar neste tema coa responsabilidade que sempre o fixo, coa transparencia exactamente que sempre o fixo e, loxicamente, posibilitando que calquera empresa de Galicia ou do Estado español se poida presentar nas condicións que eu estou seguro que todos os grupos desta cámara queremos, que é a mellor empresa para que poida dirixir os parques de bombeiros para beneficio e para uso de todos os cidadáns. Moitas grazas.

Sr. presidente

Dúas cousas só para rematar, está xa todo dito, e eu penso que, Sr. Fernández Moreda, prudencia, madurez e sentido común, sobre todo sentido común, é que eses parques entren en funcionamento canto antes, que é o que queremos todos, é o que queren os concellos e o que quere esta Corporación para evitar calquera desgracia en calquera momento.

Falando da ilegalidade da Presidencia do Consorcio, eu pódolle dicir que hai un acordo oficial dese consorcio onde ben di vostede que nun principio debía cambiar coa Corporación, pero que vimos oportuno, porque se non entraría agora a Presidencia da Xunta e estaría catro anos, oportuno que a Presidencia, un acordo oficial dese consorcio, que a Presidencia vaia rotando cada ano. Polo tanto, para dentro dun ano a Presidencia será da Deputación, despois da Xunta e despois da Deputación. Polo tanto, os que estean gobernando a partir da constitución da Corporación e a elección do seu presidente nun futuro, nun ano escaso poderán ter a Presidencia outra vez, da outra forma sería durante os catro anos da Xunta de Galicia, penso que foi un acordo bo para que vaia alternando a Presidencia cada ano.

Eu penso que o que non se dá conta dun concurso en 15 días, non sabe nin en 15 días, nin en 30, nin en 50, nin en 100, evidentemente, como dicía vostede, que o podíamos poñer en oito días e consideramos que debía de ser en quince días que é o prazo legal, á parte que os oito días podía ser prazo legal tamén. Pero a pesar diso, a pesar diso, e hai que dicilo aquí, cambiáronse as bases, como se dixo, para ter, cando se adxudique no seu momento...e teño que dicir que se presentaron tres empresas, non dúas, dicíase aquí dúas, pero presentáronse tres empresas, e agora presentaríanse as que sexan, teño que dicir que quedou deserto e cambiáronse as bases para que a empresa á que se lle adxudique agora,

ou empresas, que me vou explicar, ou empresas que se lle adxudiquen, que reúnan toda a solvencia e todas as garantías para que eses parques funcionen o mellor posible. E digo empresas porque se dividiu eses parques de bombeiros en tres grupos, entón con eses tres grupos damos unhas facilidades ás empresas, eu penso ao presentaren as súas ofertas, e tamén que ao mellor, un grupo pódele levar unha empresa, outro grupo outra empresa, outro grupo outra, como tamén pode levalos todos unha, por suposto.

Polo tanto, eu penso que o importante é que os parques de bombeiros funcionen canto antes, e que eviten calquera desgracia que poida pasar nun futuro, hai uns parques feitos que están dalgún xeito, se se quere, sen usar, estragándose, temos un parque móbil, e isto ten que entrar en funcionamento canto antes. E, por suposto, con toda a claridade e toda a legalidade necesaria no seu momento.

De seguido, procédese a votar a moción presentada polo PSOE.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.